



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

**EXPTE. 2023/G010/000009**

**ACTA SESIÓN ORDINARIA**  
**CONCELLO PLENO**  
**28 DE XULLO DE 2023**

**Srs./ Sras. Asistentes:**

**Sra. Alcaldesa-Presidenta:**

**Dna. Sandra Insua Rial**

**Sres./Sras. Concelleiros/as:**

**D. Fabián Canosa Pasantes**  
**Dna. Encarnación Liñeiro Pouso**  
**D. Sergio Caamaño Fernández**  
**Dna. Begoña Tajés Méndez**  
**D. Germán Camiño Mouzo**  
**D. José Francisco Carril Ageitos**  
**Dna. Rosa Ana Barbeira Fandiño**  
**Dna. Paula Mouzo Mas**  
**D. Juan Carlos Amado Sambade**  
**Dna. Manuel Mejuto Rios**  
**Dna. Marta M<sup>a</sup> Mouzo Pose**  
**D. Xurxo Manuel Rodríguez Baña**

**Escusa a súa asistencia:**

.....

**Secretaria accidental:**

**Dna. M<sup>a</sup> Dolores Rey Bértola**

**Interventora:**

**M<sup>a</sup> Emilia García Maneiro**

En Camariñas, sendo as 20:02 horas do día **vinte e oito de xullo de dous mil vinte e tres** e previamente convocados, reúnen-se en primeira convocatoria baixo a Presidencia da Sra. Alcaldesa-Presidenta, Dna. Sandra Insua Rial, asistidos da Secretaria accidental da Corporación, Dna. María Dolores Rey Bértola, os/as Sres./Sras. Concelleiros/as arriba expresados, asiste á sesión a interventora da Corporación, Dna. M<sup>a</sup> Emilia García Maneiro, ao obxecto de celebrar **sesión ordinaria**.

A sesión se celebra, no salón de plenos do Concello, segundo quedou establecido no Decreto da Alcaldía 665/2023, de data 24 de xullo, polo que se procedeu á convocatoria.

Comprobado que asisten número suficiente para a válida constitución, a Sra. Alcaldesa-Presidenta declara aberta a sesión pasándose a examinar os asuntos comprendido na Orde do Día que é o seguinte:

**ORDE DO DÍA**

**Acta sesión ordinaria do Concello Pleno 28 de xullo de 2023**

**1/33**



**PARTE I: ADOPCIÓN DE ACORDOS**

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DE DATA 26 DE XUÑO DE 2023.**

De acordo co disposto no art. 91 do ROF a Sra. Alcaldesa-Presidenta consulta aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as se desexan facer algunha observación a acta da **sesión ordinaria (2023/G010/000008) celebrada o día 26 de xuño de 2023** e que estaba pendente de aprobar.

Non habendo ningunha intervención, e sometido o punto da orde do día a votación ordinaria prodúcese o seguinte resultado:

**Votos a favor: 13 (8 grupo municipal socialista, 4 grupo municipal do PP e 1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 0**

Polo que o Pleno da Corporación acorda, por unanimidade dos membros presentes, aprobar a acta da sesión extraordinaria de 26 de xuño de 2023.

**2º.- SOLICITUDE DE ADHESIÓN Á REDE ESPAÑOLA DE CIUDADES SAUDABLES.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

**PROPOSTA DE ACORDO: SOLICITUD DE ADHESIÓN A LA RED ESPAÑOLA DE CIUDADES SALUDABLES**

**EXPTE TEDEC: 2023/D002/000004**

Se somete al Pleno de Ayuntamiento de Camariñas, la propuesta de adhesión a la Red Española de Ciudades Saludables.

La Red Española de Ciudades Saludables persigue la promoción y protección de la salud y el bienestar de los ciudadanos, en concordancia con los principios de actuación correspondientes al proyecto "Healthy Cities" de la Organización Mundial de la Salud.

A grandes rasgos, los objetivos de esta Sección de la FEMP se centran en:

- Asegurar el mantenimiento de los contactos interinstitucionales para la consolidación de las relaciones intersectoriales, necesarias en el ámbito de la promoción y protección de la salud.
- Fomentar la colaboración y la acción conjunta de las ciudades participantes en materia de promoción y protección de la salud.
- Ayudar a las ciudades participantes a desarrollar modelos operativos de promoción y protección de la salud en la comunidad, que puedan servir como modelos de buena praxis en lo concerniente a la promoción y protección de la salud en el contexto urbano, en concreto el diagnóstico y los planes de salud.

Es por todo ello que se presenta, para su debate y aprobación por el Pleno de la Corporación, la siguiente, **PROPUESTA DE ACUERDO:**

**Primeiro.-** El Pleno de la Corporación aprueba la adhesión de Ayuntamiento de Camariñas a la Red Española de Ciudades Saludables y de cumplir sus fines estatutarios y, en consecuencia, se compromete a:

Tener elaborado un análisis de situación y un plan de salud para la ciudad o el compromiso de elaborarlo.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Cumplir con las obligaciones y ejercer los derechos establecidos en los artículos 8, 14 y 15 de las Normas de Funcionamiento y Organización de la Red Española de Ciudades Saludables y, especialmente, la de abonar a la FEMP la cuota de socio titular de la Red que cada año corresponda a esta Entidad Local, en función del número de sus habitantes, y que en el presente ejercicio asciende a 500 euros.

**Segundo.-** Designar como representante político a Fabián Canosa Pasantes e como representante técnico a Francisco Jose Puga Bestilleiro.

**Terceiro.-** Que por el/la Alcalde/sa-Presidente/a se realicen todos los trámites oportunos para que la adhesión de Ayuntamiento de Camariñas a la Red Española de Ciudades Saludables sea efectiva."

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** "A adhesión supón un gasto de 500 € ao ano. Falei coa alcaldesa de Cee e dixo que sacan outra convocatoria de axudas en novembro, por eso imos adherirnos este ano."

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 12 (8 grupo municipal socialista e 4 grupo municipal do PP)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 1 (1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Informativa de Asuntos Xerais por maioría dos membros presentes.

**3º.- PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS ) "POS + ADICIONAL 2/2023".**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais:

### **"PROPOSTA DE ACORDO**

**ASUNTO: 2ª FASE DO POS+ADICIONAL 2/2023**

**EXPTE TEDEC: 2023/A008/000028**

Visto que a Deputación de A Coruña notificou aos Concello a cantidade que lles corresponde aos Concellos no POS+Adicional 2/2023, que no caso do Concello de Camariñas ascende a cantidade de 299.243,23 €.

Visto que esta maior achega provincial asignada se pode destinar a ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles, ben aos incluídos nos Plan Complementario ao POS+2023 ou ben a outros novos ou a gastos correntes do concello de exercicio de 2023.

En virtude das competencias que me atribúe a lexislación vixente, **propono a adopción do seguinte ACORDO,**

**PRIMEIRO.-** Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+ ADICIONAL 2/2023" da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

### **A ) Financiamento de gastos correntes:**



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
A CORUÑA

<b>Gastos correntes</b>	<b>Deputación</b>
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	299.243,23 €

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
Achega municipal		IVE soportado deducible			
<b>TOTAL</b>	0	0	0	0	0

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				Orzamento total
	Deputación	Concello		Total concello	
Achega municipal		IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )			
<b>TOTAL</b>	0	0	0	0	0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	299.243,23				299.243,23
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0	0	0	0	0
Investimentos novos non incluídos no Plan	0	0	0	0	0



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

<b>Complementario ao POS+ 2023</b>					
<b>TOTAL</b>	299.243,23	0	0	0	299.243,23

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**TERCEIRO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**QUINTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SEXTO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SÉTIMO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O POS + Adicional ten que ser sempre para gasto corrente?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non, é unha decisión política. Co gasto en luz, a EDAR e o canon da Xunta por xestión de depuradoras, que máis quixeramos que facer obras, pero ten que ir a gasto corrente.”

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión de Asuntos Xerais por maioría dos membros presentes.

### **4º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 8/2023, MODALIDADE SUPLEMENTO DE CRÉDITO.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

**“EXPTE:2023/T002/000008**

#### **PROPOSTA DE DITAME**

Visto que na sesión plenaria do 17 de marzo aprobouse a concertación dunha operación de endebedamento como consecuencia da adhesión aos fondos de ordenación, del Fondo de financiación a Entidades locales, para atender obligaciones pendientes de pago a provedores.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Visto o ingreso de data do 22 de maio en ABANCA polo importe total de 1036.038,07 euros , e o pago realizado pola mesma entidade os provedores afectados polo citado Fondo.

Visto que figuran na conta 413 “ Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento” parte do conxunto de facturas afectadas polo Fondo e para os que non existe consignación orzamentaria e foron contabilizadas como pago pendente de aplicación con data do 23 de maio ( data de pago) por un importe total de 846.279,56 €, sendo o importe orzamentario de 837.803,47 €.

Visto que es necesario aplicar o orzamento estas facturas que na actualidade figuran contabilizadas como pendentes de aplicación.

Esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 08/2023 por suplemento de crédito 01/2023, financiado coa operación de endebedamento como consecuencia da adhesión aos fondos de ordenación aprobada en sesión plenaria o 17 de marzo , e polo tanto suplementar crédito nas diferentes aplicacións que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación a través dun Recoñecemento Extraxudicial de crédito.

De conformidade ca normativa vixente, cando deba facerse algún gasto para o que sexa insuficiente a dotación prevista no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un suplemento de crédito.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 12/07/23, propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 08/2023, suplemento de crédito 01/23 , por importe de 837.803,47 € financiado co remanente líquido de tesourería, de acordo co seguinte detalle:

### GASTOS.-

#### MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 161 22199	Recoñecemento extraxudicial	16918,76
2023 311 22700	Recoñecemento extraxudicial	1282,6
2023 1532 22706	Recoñecemento extraxudicial	7173,35
2023 1621 22700	Recoñecemento extraxudicial	3986,4
2023 333 22100	Recoñecemento extraxudicial	3162,98
2023 920 22200	Recoñecemento extraxudicial	5273,55
2023 1621 20400	Recoñecemento extraxudicial	29645
2023 132 22103	Recoñecemento extraxudicial	130,01
2023 312 21300	Recoñecemento extraxudicial	573,02
2023 1721 20300	Recoñecemento extraxudicial	292,7
2023 163 22110	Recoñecemento extraxudicial	151,12



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 920 22799	Recoñecemento extraxudicial	145,2
2023 323 22199	Recoñecemento extraxudicial	44,78
2023 160 22110	Recoñecemento extraxudicial	15,78
2023 439 22601	Recoñecemento extraxudicial	3859,84
2023 132 22100	Recoñecemento extraxudicial	485,41
2023 432 20300	Recoñecemento extraxudicial	290,4
2023 161 21300	Recoñecemento extraxudicial	980
2023 135 21400	Recoñecemento extraxudicial	344,61
2023 323 21300	Recoñecemento extraxudicial	272,25
2023 1532 22799	Recoñecemento extraxudicial	9741,93
2023 912 22699	Recoñecemento extraxudicial	302,5
2023 338 20300	Recoñecemento extraxudicial	3875,63
2023 231 22103	Recoñecemento extraxudicial	1161,81
2023 338 22799	Recoñecemento extraxudicial	10269,27
2023 323 21200	Recoñecemento extraxudicial	528,77
2023 312 22100	Recoñecemento extraxudicial	3688,32
2023 132 22199	Recoñecemento extraxudicial	70,18
2023 1532 21000	Recoñecemento extraxudicial	43076,28
2023 1532 22700	Recoñecemento extraxudicial	10439
2023 920 22201	Recoñecemento extraxudicial	662,68
2023 342 21200	Recoñecemento extraxudicial	2662
2023 920 22110	Recoñecemento extraxudicial	160,91
2023 1532 61900	Recoñecemento extraxudicial	37961,55
2023 341 22199	Recoñecemento extraxudicial	50,22
2023 165 22100	Recoñecemento extraxudicial	85850,07
2023 342 21300	Recoñecemento extraxudicial	628,34
2023 920 22199	Recoñecemento extraxudicial	1200,03
2023 160 21300	Recoñecemento extraxudicial	31981,22
2023 1721 22799	Recoñecemento extraxudicial	22639,5
2023 334 22601	Recoñecemento extraxudicial	551,2



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 160 21000	Recoñecemento extraxudicial	744,15
2023 432 22199	Recoñecemento extraxudicial	50
2023 342 22199	Recoñecemento extraxudicial	2272,24
2023 161 21000	Recoñecemento extraxudicial	132,5
2023 334 22602	Recoñecemento extraxudicial	907,5
2023 341 22602	Recoñecemento extraxudicial	459,8
2023 164 22110	Recoñecemento extraxudicial	1286,39
2023 135 22103	Recoñecemento extraxudicial	289,31
2023 1621 22199	Recoñecemento extraxudicial	881,72
2023 165 22799	Recoñecemento extraxudicial	14561,14
2023 241 21300	Recoñecemento extraxudicial	206,42
2023 341 22601	Recoñecemento extraxudicial	740
2023 241 22100	Recoñecemento extraxudicial	3751
2023 163 22700	Recoñecemento extraxudicial	2154,24
2023 163 22199	Recoñecemento extraxudicial	1148,8
2023 161 21400	Recoñecemento extraxudicial	868
2023 1532 20300	Recoñecemento extraxudicial	540,43
2023 171 22199	Recoñecemento extraxudicial	5462,05
2023 334 22609	Recoñecemento extraxudicial	21201,46
2023 231 22100	Recoñecemento extraxudicial	1729,75
2023 334 22799	Recoñecemento extraxudicial	871,2
2023 132 21400	Recoñecemento extraxudicial	357,76
2023 1721 20200	Recoñecemento extraxudicial	1483,49
2023 165 22112	Recoñecemento extraxudicial	4089,12
2023 920 22100	Recoñecemento extraxudicial	7912,15
2023 920 22203	Recoñecemento extraxudicial	1583,7
2023 439 22602	Recoñecemento extraxudicial	574,75
2023 164 22199	Recoñecemento extraxudicial	913,43
2023 432 22601	Recoñecemento extraxudicial	196,74
2023 1532 22199	Recoñecemento extraxudicial	44896,26





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 161 20400	Recoñecemento extraxudicial	544,5
2023 164 22100	Recoñecemento extraxudicial	9209
2023 1621 22103	Recoñecemento extraxudicial	2952,15
2023 323 22100	Recoñecemento extraxudicial	7731,05
2023 920 21300	Recoñecemento extraxudicial	399,96
2023 920 22001	Recoñecemento extraxudicial	5043,42
2023 1532 21300	Recoñecemento extraxudicial	1804,72
2023 161 22100	Recoñecemento extraxudicial	7733,31
2023 231 21300	Recoñecemento extraxudicial	451,43
2023 341 22699	Recoñecemento extraxudicial	158,4
2023 341 22103	Recoñecemento extraxudicial	99,54
2023 164 21300	Recoñecemento extraxudicial	275,56
2023 135 22199	Recoñecemento extraxudicial	144,6
2023 4312 22199	Recoñecemento extraxudicial	1653,97
2023 231 22199	Recoñecemento extraxudicial	2612,39
2023 338 22699	Recoñecemento extraxudicial	29,7
2023 1532 21400	Recoñecemento extraxudicial	3718,57
2023 1621 22104	Recoñecemento extraxudicial	298,05
2023 312 22103	Recoñecemento extraxudicial	1180
2023 1622 22700	Recoñecemento extraxudicial	137570,53
2023 1721 22700	Recoñecemento extraxudicial	6198,7
2023 4312 22100	Recoñecemento extraxudicial	380,37
2023 231 78000	Recoñecemento extraxudicial	800
2023 241 48000	Recoñecemento extraxudicial	1000
2023 311 22799	Recoñecemento extraxudicial	2435,79
2023 338 22609	Recoñecemento extraxudicial	3617,3
2023 164 22700	Recoñecemento extraxudicial	630
2023 1532 22700	Recoñecemento extraxudicial	3704,8
2023 912 22601	Recoñecemento extraxudicial	1774,81
2023 342 22100	Recoñecemento extraxudicial	12121,11



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 1532 22110	Recoñecemento extraxudicial	1514,28
2023 333 21300	Recoñecemento extraxudicial	690,36
2023 160 22100	Recoñecemento extraxudicial	103043,13
2023 342 22103	Recoñecemento extraxudicial	1180
2023 334 22199	Recoñecemento extraxudicial	169,08
2023 4312 22799	Recoñecemento extraxudicial	5848,32
2023 1721 22199	Recoñecemento extraxudicial	2327,01
2023 920 22000	Recoñecemento extraxudicial	932,04
2023 1532 22104	Recoñecemento extraxudicial	1555,99
2023 432 22799	Recoñecemento extraxudicial	1287,78
2023 4312 21200	Recoñecemento extraxudicial	113,69
2023 323 21200	Recoñecemento extraxudicial	146,41
2023 439 22302	Recoñecemento extraxudicial	1369,5
2023 491 22100	Recoñecemento extraxudicial	3168,25
2023 160 22199	Recoñecemento extraxudicial	14750,2
2023 439 22609	Recoñecemento extraxudicial	1773,5
2023 439 22199	Recoñecemento extraxudicial	1184,32
2023 439 22602	Recoñecemento extraxudicial	7605,1
2023 323 22110	Recoñecemento extraxudicial	450,6
2023 1532 22103	Recoñecemento extraxudicial	1083,86
2023 1621 22110	Recoñecemento extraxudicial	132,43
2023 920 22699	Recoñecemento extraxudicial	12
2023 132 22104	Recoñecemento extraxudicial	1320,23
2023 3321 22100	Recoñecemento extraxudicial	677,93
2023 1721 22104	Recoñecemento extraxudicial	111,32
2023 164 21200	Recoñecemento extraxudicial	728,73
2023 334 22699	Recoñecemento extraxudicial	1876,93
2023 920 22002	Recoñecemento extraxudicial	19,44
2023 920 21300	Recoñecemento extraxudicial	951,64
2023 439 22699	Recoñecemento extraxudicial	296,49



**CONCELLO DE CAMARIÑAS**  
**A CORUÑA**

APLICACION	FINALIDADE	IMPORTE
2023 432 22100	Recoñecemento extraxudicial	414,51
	<b>TOTAL GASTOS</b>	<b>837.803,47 €</b>

**MEDIANTE SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

**INGRESOS.-**

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
91300	837.803,47 €	PRESTAMO ICO. PAGO A PROVEEDORES 2023

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.

**A voceira do grupo popular, Sra. Mouzo Mas:** “Neste punto e no 5 e 6 ímonos abster porque é froito dunha mala xestión. Tedes maioría absoluta e en xuño non hai presuposto”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Voume abster e non votar en contra porque hai que solucionalo”.

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas por maioría dos membros presentes.

**5º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 9/2023, MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

**“EXPTE: 2023/T002/000009**

**PROPOSTA DE DITAME**

Visto que na sesión plenaria do 17 de marzo aprobouse a concertación dunha operación de endebedamento como consecuencia da adhesión aos fondos de ordenación, del Fondo de financiación a Entidades locales, para atender obligaciones pendientes de pago a provedores.

Visto o ingreso de data do 22 de maio en ABANCA polo importe total de 1036.038,07 euros, e o pago realizado pola mesma entidade os provedores afectados polo citado Fondo.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Visto que figuran na conta 413 " Acreedores por operacións pendentes de aplicar ao orzamento" parte do conxunto de facturas afectadas polo Fondo e para os que non existe consignación orzamentaria e foron contabilizadas como pago pendente de aplicación con data do 23 de maio ( data de pago) por un importe total de 67.795,90 €, sendo o importe orzamentario de 67.592,83 €.

Visto que es necesario aplicar o orzamento estas facturas, que na actualidade figuran contabilizadas como pendentes de aplicación.

Esta Alcaldía estima procedente tramitar o correspondente expediente de modificación de crédito nº 09/2023 por crédito extraordinario nº 01/2023, financiado coa operación de endebedamento como consecuencia da adhesión aos fondos de ordenación aprobada en sesión plenaria o 17 de marzo , e polo tanto habilitar crédito nas diferentes aplicacións que se detallan a continuación para posteriormente proceder a súa aprobación a través dun Recoñecemento Extraxudicial de Crédito.

De conformidade ca normativa vixente, cando deba facerse algún gasto para o que sexa inexistente a dotación prevista no Orzamento vixente, a Corporación poderá acordar un crédito extraordinario.

Os gastos proxectados son específicos na súa definición e determinados nas contías, tendo carácter inaprazable por afectar a servizos e competencias municipais.

Tendo en conta todo o anterior, e visto o informe de Intervención de data 12/07/23, propónse á Comisión Especial de Contas a adopción do seguinte DITAME:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito de crédito nº 9/2023, por crédito extraordinario 01/2023, por importe de 67.592,83 € financiado con préstamo, de acordo co seguinte detalle:

### GASTOS.-

### MEDIANTE CRÉDITO EXTRAORDINARIO

APLICACIÓN	FINALIDADE	IMPORTE
2023 160 22799	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	6031,74
2023 912 22199	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	554
2023 165 22199	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	105,51
2023 432 22203	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	95,34
2023 150 22706	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	1936
2023 342 63200	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	8194,12
2023 439 22300	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	611,46
2023 920 62600	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	1212,08
2023 1721 21200	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	42,35
2023 132 21300	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	302,3
2023 432 22699	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	302,5
2023 1532 20400	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	1633,5
2023 164 22799	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	172
2023 165 61900	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	12463,02
2023 342 62203	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	5000
2023 439 20500	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	508,2
2023 338 22601	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	650



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

APLICACIÓN	FINALIDADE	IMPORTE
2023 165 21000	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	3935,23
2023 171 21000	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	1355,2
2023 171 61900	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	17050,26
2023 342 22706	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	2651,81
2023 231 21200	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	279,51
2023 338 22701	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	1432,25
2023 439 22203	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	54,45
2023 1621 22606	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	225
2023 164 20300	Recoñecemento Extraxudicial de créditos	795
<b>TOTAL</b>		<b>67.592,83€</b>

### INGRESOS.-

CONCEPTO	IMPORTE	FONTE DE FINANCIAMENTO
91300	<b>67.592,83 €</b>	PRESTAMO ICO. PAGO A PROVEEDORES 2023

**SEGUNDO.-** Expoñer ao público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no BOP polo prazo de 15 días, durante os cales os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes. Estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de non se presentaren reclamacións durante o período de exposición pública, considerarase definitivamente aprobado o citado expediente, entrando en vigor una vez cumprido o disposto no artigo 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.”

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas por maioría dos membros presentes.

### **6º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO 12/2023, MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

#### **PROPOSTA DE DITAME**

**Asunto: aprobación inicial de modificación de crédito mediante transferencia de crédito.**

Tendo en conta o estado de execución actual do orzamento do ano 2023, orzamento prorrogado do 2022, e considerando que o saldo existente nas aplicacións orzamentarias para facer fronte os xuros dos préstamos que o Concello ten vixente é insuficiente.

Considerando que estes gastos son imprescindibles e o pagamento da débeda ten carácter prioritario.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Visto o disposto nos artigos 179 e 180 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, nos artigos 40 a 42 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo Primeiro do Título VI da Lei 39/88, de 28 de decembro, Reguladora das Facendas Locais, así coma nas Bases de Execución do Orzamento do Excmo. Concello de Camariñas para o ano 2022, prorrogado para o ano 2023.

Visto o Informe da Intervención municipal de data 12 de xullo de 2023.

### ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Aprobar inicialmente o expediente de modificación de créditos 12/2023 mediante transferencia de crédito nº 3/2023 por un importe total de **7.000,00 €** proponendo:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	INCREMENTO	MINORAC.
011/31000	Dédeda pública/Xuros	7.000,00 €	0
920/22602	Administración Xeral/Publicidade e Propaganda		7.000,00 €
<b>TOTAL</b>		<b>7.000,00 €</b>	<b>7.000,00 €</b>

**SEGUNDO.-** Proceder á publicación no Boletín Oficial da Provincia do anuncio polo que se expoña ao público o expediente e acordo adoptado, facendo constar que por prazo de quince días hábiles os interesados indicados no artigo 22.1 do RD 500/90 do 20 de abril, poderán examinalo e formular as reclamacións as que se refire o apartado 2 do artigo citado.

**TERCEIRO.-** A modificación de crédito considerarase definitivamente aprobada se durante o período de exposición ao público non se presentaran reclamacións, entrando en vigor previa inserción no Boletín Oficial da Provincia dun resumo por capítulos.

**CUARTO.-** Facultar ao Alcalde-Presidente ou Concelleiro en quen delegue, para levar a cabo todos os trámites necesarios para a consecución deste fin.

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Votos en contra: 0**

**Abstencións: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas por maioría dos membros presentes.

### **7º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA POLA TAXA DE SERVIZOS DE ACTIVIDADES CULTURAIS E DEPORTIVAS.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Especial de Contas:

**EXPTE 2023/G016/000003**

### **PROPOSTA DE DITAME**

Visto o Estudo económico de data 13/07/2023, no que se recolle que o custe dos servizos ós que incorre o Concello superan amplamente os ingresos obtidos pola taxa por prestación de servizos culturais e deportivos.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

O fin que se persegue coa ordenación desta taxa, non é outro que o reunir fondos para o sostemento ou mantemento do citado servizo. Na providencia de Alcaldía xustificase a modificación das cotas tributarias reguladas na ordenanza vixente da Taxa por prestación de servizos culturais e deportivos, polo gran incremento do custo do servizo polo gran incremento do custo do servizo, sendo totalmente deficitario e polo tanto necesario o incremento da taxa para poder seguir mantendo o servizo nas condicións actuais.

O motivo, polo tanto, que fundamenta a modificación da taxa que se pretende aprobar non é outro que, en función do equilibrio económico e a autonomía e suficiencia financeira de este concello, completar o esquema básico de tributación e implementar a capacidade de consecución de recursos por parte do Concello, posto que a necesidade destes esixe a maior eficiencia no sistema de tributación municipal.

Tendo en conta o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, no que se recolle que o importe das taxas pola prestación dun servizo ou pola realización dunha actividade debe cumprir có principio de equivalencia, de maneira que non pode exceder, no seu conxunto, do custo real ou previsible do servizo ou actividade de que se trate, cuestión que non se vai a producir con dita modificación, teño a ben propoñer ó Pleno do Concello de Camariñas:

**Primeiro.-** Resolver a discrepancia formulada, deixando sen efecto a suspensión na tramitación do expediente.

**Segundo.-** Aprobar a modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos culturais e deportivos, quedando regulada a Ordenanza da seguinte maneira:

### **“Artigo 1.- Fundamento e natureza.**

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución Española e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do RDLEX 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e ó amparo do disposto nos artigos 57 e 20 da mesma lei, este Concello establece a “Taxa pola prestación de servizos culturais e deportivos”, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

### **Artigo 2.- Feito imponible.**

1. Constitúe o feito imponible da taxa o uso dos centros municipais e prestación dos servizos de que están dotadas estas, así como a prestación de servizos de escolas, cursos e outras actividades culturais e deportivas, nos termos especificados nas tarifas da presente Ordenanza.

2. Non están suxeitos ó pago da taxa:

**a)** Os actos organizados polo Concello de Camariñas ou patrocinados polo mesmo nos que se faga constar expresamente a non suxeición ó pago da taxa, patrocinio que haberá de resultar en todo caso dun previo acordo plenario ou resolución da Alcaldía.

**b)** As utilizacións que sexan consecuencia de intercambios ou convenios con outras institucións, que se rexerán polo respectivo convenio.

**c)** As actividades ordinarias escolares de carácter deportivo ou cultural que se realicen durante a xornada escolar, así como os campionatos deportivos escolares con participación de alumnos deste Municipio.

### **Artigo 3.- Suxeitos pasivos.**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas así como as entidades ás que se refire o artigo 35 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas polos servizos que constitúen o feito impositivo da taxa.

### **Artigo 4.- Responsables.**

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 41.1 e 42 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de crebas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei Xeral Tributaria.

### **Artigo 5.- Devengo.**

Considérase devengada a taxa, nacendo a obriga de contribuír, cando se inicie a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose a estes efectos que dita iniciación se produce coa solicitude daqueles.

### **Artigo 6.- Cota tributaria.**

1. A contía deste taxa será a establecida na seguinte Tarifa:

Conceptos Euros

#### **I. Utilización dos Pavillóns Polideportivos**

- I.1. Alugueiro para uso libre dos pavillóns polideportivos, por hora: 15€.
- I.2. Alugueiro para uso libre dos pavillóns polideportivos, por hora, cada semana durante un mes: 45€.
- I.3. Actos con pago de entrada alleos ó deporte, festivais e espectáculos recreativos e artísticos de carácter profesional, por cada acto: 480€.
- I.4. Uso do ximnasio, cota mensual 10€.
- I.5. Uso do ximnasio, cota anual: 50€

#### **II. Utilización dos Campos de fútbol municipais**

- II.1. Alugueiro para uso libre dos campos de fútbol, por 2 horas, sen luz artificial: 30€.
- II.2. Alugueiro para uso libre dos campos de fútbol, por 2 horas, con luz artificial: 50€.
- II.3 Alugueiro para uso deportivo con pago de entrada, dúas horas, sen luz artificial: 100€.
- II.4 Alugueiro para uso deportivo con pago de entrada, dúas horas, con luz artificial: 120€.
- II.5. Actos de acceso gratuíto e carácter non deportivo, por cada acto: 200€
- II.6. Actos con pago de entrada alleos ó deporte, como festivais, espectáculos recreativos e/ou artísticos de carácter profesional, por cada acto: 600€.

#### **III. Actividades físico-deportivas municipais**

- III.1. por inscrición nunha actividade físico-deportiva de grupo (ximnasia de mantemento, relaxgym, pilates, ioga, balonmán, fútbol, psicomotricidade,...), por persoa e mes: 12€.





## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

III.2. por inscrición en máis de unha actividade física de grupo, por actividade, persoa e mes: 10€ por cada actividade.

III.3. por inscrición na actividade física de mellora da saúde de adultos, por persoa e mes: 15€.

III.4. por inscrición na actividade física de mellora da saúde infantil, por persoa, día da semana e mes: 8€.

### **IV. Cursos municipais**

IV.1. Cursos específicos de duración superior a 20 horas, por persoa e curso: 15€.

IV.2. Cursos específicos de duración superior a 20 horas, por persoa e curso: 12€.

IV.3. Cursos de artesanía, por persoa e curso: 60€.

IV.4. Matrícula en educación de adultos, por persoa e curso: 50€.

### **V. Obradoiros**

V.1. Obradoiro deportivo-cultural, por persoa e quenda: 30€.

V.2. Obradoiro de actividades acuáticas, por persoa e quenda: 50€.

### **VI. Escolas culturais municipais**

VI.1. por inscrición por cada instrumento de música tradicional (gaita, bombo, tambor, pandeireta, acordeón...), por persoa e mes: 8€.

VI.2. VI.2. por inscrición na escola de palillo, por cada día da semana, por persoa e mes: 5€.

VI.3. por inscrición nunha sesión de baile, por persoa e mes: 8€.

VI.4. por inscrición en máis dunha sesión de baile, por persoa, sesión e mes: 6€.

VI.5. por matrícula en instrumento musical: canto, piano, guitarra, batería e vento-metal: 50€.

### **VII. Utilización doutros centros municipais**

VII.1. Actividades deportivas ou culturais que o Concello organice e que considere necesario o cobro de entrada ao público ( a excepción de aquelas reguladas nunha ordenanza específica ), prezo entrada: 5€.

VII.2. I.1. Alugueiro para actos de acceso gratuíto, por hora: 10€.

VII.2. I.1. Alugueiro para actos de acceso non gratuíto, por hora: 20€.

2. A contía dos epígrafes I.3, II.5 e II.6 da anterior Tarifa incrementarase nun 50 por 100 por cada día de utilización, con anterioridade ou posterioridade á celebración dun acto, para a preparación ou arranxo do mesmo.

### **Artigo 7.- Normas de xestión.**

1. A utilización das instalacións e servizos obxecto da presente taxa haberá de ter lugar, en todo caso, fóra do horario escolar nas instalacións suxeitas ao uso das mesmas polos centros educativos. Os horarios e calendarios de utilización de instalacións municipais serán fixados por resolución da Alcaldía que se publicará no Taboleiro de edictos do Concello e nos centros correspondentes.

2. As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello e lugares que se determine, cunha antelación mínima de cinco días hábiles. As inscricións en



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

escolas, cursos, obradoiros e actividades realizarase nos termos das correspondentes convocatorias.

3. As autorizacións serán concedidas pola Alcaldía, quen poderá condionalas á previa constitución dunha garantía en metálico cando a natureza ou circunstancias da autorización solicitada poidan representar danos ou deterioración para as instalacións municipais, sendo o importe da garantía o da valoración estimada dos posibles danos feita polos servizos municipais.

O documento xustificativo da concesión da autorización haberá de ser presentado ó persoal encargado do servizo no momento de inicio do mesmo.

4. A coincidencia de solicitudes para uso das mesmas instalacións deportivas municipais na mesma data, cando sexan incompatibles, resolveranse aplicando a seguinte orde de prioridade: 1) Actividades deportivas municipais, 2) Competición de equipos federados, 3) Competición de equipos non federados, 4) Adestramentos de equipos federados, 5) Adestramentos de equipos non federados, 6) Práctica deportiva privada. As coincidencias na mesma prioridade resolveranse a favor da precedencia na presentación da solicitude.

5. Correrán a conta e cargo do solicitante, que será o responsable da actividade, das persoas que participen e dos medios persoais e materiais que este considere necesarios para a organización de calquera acto, cando ditos medios sexan superiores ós destinados polo Concello de ordinario á prestación do servizo.

### **Artigo 8.- Obriga de pago.**

1. A obriga de pago da taxa nace dende o momento no que se preste ou realice calquera dos servizos ou actividades ós que se refire esta Ordenanza.

2. O pago da taxa terá lugar por ingreso directo no momento de solicita-la utilización das instalacións ou de formaliza-la inscrición, con carácter de depósito previo conforme ó disposto no artigo 26.1.a) do RDLex 2/2004, podendo empregarse o procedemento de declaración-liquidación ou de auto-liquidación.

### **Artigo 9.- Beneficios fiscais.**

Gozarán de exención aqueles contribuíntes pertencentes a núcleos familiares beneficiarios da Renda de Integración Social de Galicia (RISGA) así como as persoas membros de unidades familiares usuarias de servizos sociais que contén co preceptivo informe favorable á exención de Servizos Sociais do Concello de Camariñas.

Gozarán de exención do pagamento das taxas das actividades que realice o terceiro ou máis fillos dunha familia numerosa.

Gozarán do 50% de bonificación aquelas persoas maiores de 65 anos para a taxa III.

Gozarán de exención para todas as taxas vinculadas á cesión ou uso dos diferentes centros municipais, os clubs, asociacións culturais e ANPAS sen ánimo de lucro rexistradas no Concello de Camariñas e que teñan a súa sede social no mesmo."

**Terceiro.-** Dar ó expediente a tramitación e publicidade preceptiva, mediante exposición do mesmo no taboleiro de anuncios deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales os interesados poderán examinalo e plantear as reclamacións que estimen oportunas.

Tamén, estará a disposición dos interesados na sede electrónica deste Concello.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**Cuarto.-** Considerar, no suposto de que non se presentasen reclamacións ó expediente, no prazo anteriormente indicado, que o Acordo é definitivo, en base o artigo 17.3 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo.

**Quinto.-** Facultar ó Sr. Alcalde-Presidente para subscribir os documentos relacionados con este asunto.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Levamos doce anos sen revisar as taxas. Soben un pouco, de 8 a 12 €. Desde Intervención di que é un servizo deficitario.”

**A voceira do grupo popular, Sra. Mouzo Mas:** “Non é momento de subir e castigar os petos dos veciños, por eso imos votar en contra”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Vou votar en contra porque non estou de acordo coas bonificacións para todos sen valorar a situación persoal. Sería sinxelo aplicar unha regulación, darlle unha volta nese aspecto. Igual as asociacións porque aínda que sexan sen ánimo de lucro pode haber algunha que teña beneficios. Por iso voto en contra”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “As ordenanzas levan doce anos sen actualizarse. Os custos son 400.000 € e os ingresos 80.000 €. É deficitario, se non se sube chegará un momento que será inasumible. A taxa é inferior ao custo real. O maior custo é dos monitores e necesitamos subir as taxas para pagalos. As asociacións non poden facer actividades e pagar unha taxa. En vez de facer convenios con elas é mellor reflectilo na ordenanza”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Sería tan sinxelo como facer unha declaración responsable manifestando os ingresos”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “O 80% das solicitudes cúbreas o persoal. Todo o que xere burocracia hai que evitalo”.

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Votos en contra: 5 (4 grupo municipal do PP, 1 grupo mixto-BNG)**

**Abstencións: 0**

Queda aprobado o ditame emitido pola Comisión Especial de Contas por maioría dos membros presentes.

**8º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG RELATIVA Á REDUCIÓN DAS TAXAS DOS OBRADOIROS DE VERÁN E DAS ACTIVIDADES DESTINADAS A MOCIDADE E RAPACES.**

Dáse lectura á moción presentada:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o BNG de Camariñas somos coñecedores do excesivo endebedamento que ten o concello e que o goberno terá que tomar medidas drásticas para tentar saír desa espiral de débeda que condicionará o correcto funcionamento do concello.

Do mesmo xeito non podemos permitir que o peso do pago da débeda recaia nas taxas que teñen que abonar ás familias para os obradoiros de tempo libre ou calquera outra actividade para a xente nova.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

As taxas teñen que ser simbólicas e razoables porque neste tempo de contracción económica vai ser imposible para moitas familias inscribir aos seus nenos e nenas a estas actividades.

Nas actividades de verán unha familia con dous nenos terá que aboar 55€ por quenda de 15 días.

Non podemos deixar nenas e nenos atrás nas actividades, a situación económica familiar non pode condicionar que haxa nenos de primeira e nenos de segunda, a corporación municipal debe pular pola saúde, o benestar e a felicidade da nosa xuventude.

Por estes motivos, o grupo mixto - BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### ACORDO

- Reducir a un importe simbólico as taxas dos obradoiros de verán e facer a devolución a aquelas persoas que xa o fixeran.

- Reducir as taxas de todas as actividades destinadas a mocidade e rapaces que se realicen ao longo de todo o ano.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Esto sería mellor un rogo, a taxa acaba de aprobarse. Este ano foron os clubs deportivos os que fixeron as actividades. O concello solo cedeu as instalacións.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Fíxose algún convenio?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non. Temos que votar en contra porque acabamos de aprobar a modificación das taxas”.

**A voceira do grupo popular, Sra. Mouzo Mas:** “Sen mirar as siglas votaría a favor da proposta do BNG”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Comparastes con outros concellos?”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “En Zas custan 10 €”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Eles fan quince días e nos dous meses e vela.”

**O concelleiro do grupo popular, Sr. Mejuto Ríos:** “Fixestes estimación do que sería cobrar ou non estas actividades?. Se cobramos máis do debido, quizás deixemos de recibir persoas e xerar ingresos nesta zona”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Xa dixo Sergio a diferenza. Pensas que ven xente de fóra polas actividades? Case todos os turistas fan vela e din que é increíble que sexa tan barato”.

**O concelleiro do grupo popular, Sr. Mejuto Ríos:** “Deixaron algúns de estar aquí por non pagar de máis”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Canto vale a quincena de campamento e vela? 30 € quincena, o ano pasado 20 €, subíu 10 €”.

**A voceira do grupo popular, Sra. Mouzo Mas:** “Debería ser menor a subida”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Se son RISGA están exentos”.

Pide a palabra a interventora, **Sr. García Maneiro:** “A Lei de Facendas establece que os servizos non poden ser deficitarios. O concello non ten capacidade para sufragar gastos se non se soben as taxas. É necesaria a actualización e revisión de todos os servizos. Quero que conste en acta que ou se incrementan todas as figuras tributarias ou non poderemos prestar os servizos”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 5 (1 grupo mixto-BNG , 4 grupo municipal do PP)**

**Votos en contra: 8 (8 grupo municipal socialista)**

**Abstencións: 0**

Queda rexeitada a Moción presentada polo grupo mixto-BNG, por maioría dos membros presentes.

### **9º.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL BNG DE ELABORACIÓN DUN PLAN DE COIDADO E MANTEMENTO DAS BEIRARRÚAS E CAMIÑOS PEONÍS.**

Dáse lectura á moción presentada:

As beirarrúas e camiños peonís do concello atópanse en moitos casos en moi mal estado.

Debido a falta de conservación e mantemento das beirarrúas do concello, e a falta de dilixencia contra outros organismos coma portos ou costas as beirarrúas do concello se atopan nun estado moi malo. Este estado orixina moitas caídas e golpes entre as veciñas e veciños que por elas camiñan.

Por poñer algún exemplo destaca o camiño peonil de madeira no porto de Camariñas ou as beirarrúas de Ponte do Porto e Camelle.

Nalgúns casos as varandas destas beirarrúas están en estado tan malo que poden orixinar caídas moi graves.

Por todo isto o BNG de Camariñas exixiremos en pleno un plan de coidado e mantemento das beirarrúas de todo o concello en onde se marque como prioridade o estado de conservación e a seguridade das mesmas.

Por estes motivos, o grupo mixto - BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

### **ACORDO**

A elaboración dun PLAN DE COIDADO E MANTEMENTO DAS BEIRARRÚAS E CAMIÑOS PEONÍS de todo o concello en onde se marque como prioridade o estado de conservación e a seguridade das mesmas e un calendario de reparación das mesmas e un mecanismo de reparación de urxencia no caso de ruínas.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Entendo que o concello está en situación mala pero hai beirarrúas en mal estado. Debería facerse un plan de prioridades e dedicar diñeiro ás cuestións máis graves”.

**A Sra. Alcadesa-Presidenta:** “Se elaboramos un plan xa custa cartos. Sei perfectamente todo o que está mal. O paseo está fatal, non é simple mantemento, ten vinte anos, xa é unha inversión. Xa pasou coa ponte da dársena, que tivemos que gastar 17.000 €. A Xunta ten que asumir as súas obrigas. Paso cos niños de velutinas, que o final temos que mandar nós a alguén a sacalos. O que non podo é investir en cousas que non son nosas. Todo o que podo pedir a Deputación pído, pero non podo loitar contra muros. A situación do Náutico é lamentable, asumindo competencias que non temos. Decídelle a Xunta que asuma o que ten que asumir, as velutinas, os cans, os gatos, todo para o concello sen dar ningún carto. Hai que facer un pouco de autocrítica”.

**A voceira do grupo popular, Sra. Mouzo Mas:** “Estou de acordo en esixir a Porto e Costas en cumprir pero non me poñas culpas porque levo dous días no Parlamento e ti en



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

vinte anos no goberno que fixestes?. Camariñas está estancado. Veñen turista e dá vergonza como está o pobo porque está sucio. A maleza está abandonada. Se comparamos cos concellos da redonda estamos atrasados.”

Non habendo mais intervencións sometese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 1 (1 grupo mixto-BNG)**  
**Votos en contra: 8 (8 grupo municipal socialista)**  
**Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)**

Queda rexeitada a Moción presentada polo grupo mixto-BNG, por maioría dos membros presentes.

### 10º.- MOCIÓN DE URXENCIA.

Sométese a votación a urxencia da Moción do grupo municipal do PSdeG “MOCIÓN EN DEFENSA DO SERVIZO BÁSICO E ESENCIAL DA EDUCACIÓN PÚBLICA”, co seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (8 do grupo municipal socialista e 1 grupo mixto- BNG)**  
**Votos en contra: 0**  
**Abstencións: 4 (4 grupo municipal do PP)**

En consecuencia, considérase aprobada a urxencia e dáse lectura á Moción:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematado o curso escolar 2022-2023 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade.

Recordamos que este curso comezou complexo para as familias coas consecuencias económicas da guerra de Ucraína. Neste aspecto a Xunta de Galicia esqueceuse das familias completamente á diferenza do goberno de España que impulsou adianto do pago das **becas** e unha **axuda complementaria** de 400€ coa intención de reducir o impacto económico derivado da invasión de Ucraína no custoso inicio de curso. **Suspense da Xunta de Galicia** en apoio extraordinario en momento de dificultade derivados da guerra de Ucraína.

A política actual do Partido Popular limitouse a **axudas mínimas** ás rendas baixas e alumnado con necesidades específicas e apoio educativo (**NEAE**), axudas ridículas para material escolar que **nin cobren o custo dos libros de texto**, nin son universais. Pódese dicir que **a Xunta de Galicia tivo abandonada ás familias máis necesitadas** durante este curso a pesar dos fondos recibidos do goberno do Estado para estes fins. **Suspense da Xunta de Galicia** en políticas de axudas e becas.

Neste curso tamén se puxo en marcha a reforma do sistema educativo propiciado pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación** (en adiante **LOMLOE**), que é **clave para a modernización da educación deste país**. A Xunta de Galicia opúxose a esta nova lei educativa caracterizándose como unha comunidade autónoma que non quer modernizarse e poñendo trabas en todo momento dificultando a súa posta en marcha a toda comunidade educativa. Nesta materia tamén temos que dicir que **a Xunta de Galicia suspende** claramente xa que foi a única entidade que obstaculizou a súa implementación ante a aceptación de toda comunidade educativa (sindicatos,



## CONCELLO DE CAMARIÑAS A CORUÑA

profesorado, Anpas) que non quere cambio legislativo e o que si quere é seguir avanzando como sociedade coa LOMLOE.

O único que aproba o Partido Popular é nos recortes educativos, iso dásele ben a este goberno, sobre todo nas zonas do rural e que este curso tamén chegaron ás grandes cidades. A Xunta de Galicia da as costas ao profesorado e o estudantado deste país, sendo estes só números os cales manexan sempre con intereses para o seu goberno e non tanto para a calidade de vida dos cidadáns.

Os recortes aplicados no inicio do presente curso 2022-23 foron os seguintes:

- O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en **zonas rurais**.
- **A perda de profesorado de apoio** ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.
- O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "**récord**" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.
- **A redución da oferta educativa**: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.
- O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os **orientadores**.
- **A implantación de novos módulos de FP sen especialistas** e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes recortes efectuados no inicio do curso 2022-23 **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abundan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación**. Os datos din que **hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos**, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento. Por isto temos que dicir que a **Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública.

Neste curso presenciamos o **peche do centro de educación especial "Aspaber"** de Carballo no que as familias demandaron á colaboración da Xunta de Galicia para a continuidade deste centro xa que era moi positivo para a formación dos seus fillos e fillas. Ante esta situación, a consellería de educación non actuou de fronte ás familias e a única solución foi a de mandar os estudantes ás principais cidades da provincia, seguindo as súas políticas de despoboación do rural. Outra opción foi a de matricular o estudantado nun colexio ordinario da zona sen asegurar profesorado especializado nas necesidades educativas de ditos estudantes. En definitiva saen perdendo recursos como fisioterapia ou terapia ocupacional como consecuencia das políticas do partido popular de non querer negociar nin de optar por alternativas que melloren a calidade de vida dos cidadáns. Outro **suspenso para a Xunta de Galicia** en solución de problemas e en posibilitar alternativas de calidade ao alumnado con necesidades educactivas especiais.

En setembro do 2022 esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, **que fixera público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como**



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**pola UE para a mellora da educación pública** (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos **fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas**. En ocultar datos e información si que aproban, pero en transparencia para a cidadanía en materia educativa a **Xunta de Galicia suspende**.

Na valoración final deste curso 2022-2023 a Xunta de Galicia en materia educativa **suspende**, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería **non promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propón a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Camariñas insta á Xunta de Galicia a:

1. A **cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo**, dispoñendo dos medios materiais e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para **garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación**.
2. A **recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto**.
3. A que **faga público o destino dos fondos extraordinarios para a educación** procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.
4. Garantir **o servizo de transporte escolar** para facilitar o acceso ao sistema de educación pública ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.
5. **Manter como mínimo o mesmo número de profesorado, que o curso 2021-2022 nas escolas galegas rurais**.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Concordo cos suspensos e daría outros: a perda de galegofalantes, o déficit de ciclos formativos axeitados na Costa da Morte, o transporte deficitario sobre todo para a ensinanza non obrigatoria. Se engadides a demanda de ciclos formativos adaptados ás necesidades da comarca e a defensa de galegofalantes con máis horas de galego e que na ensinanza se potencie o uso do galego o meu voto será favorable”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “É unha moción partidista dada o mesmo día para non poder estudala. Hai tres motivos para votar en contra. Foi no bipartito cando máis aulas se pecharon, 103. A taxa de abandono estaba no 20% agora no 8%. Se a Xunta suspende, que nota tivo o bipartito? A Xunta aumentou a inversión en educación. Os libros benefician ao 75% das familias que máis o necesitan”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Invítoche a que vaías visitar os centros escolares do concello. Pido a Xunta que invista algo nos colexios porque están caendo e nós solo podemos facer mantemento. Teño un listado da directora do Areal de necesidades.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O gran cambio do PP foi cambiar o nome das Galescolas po Galiña Azul porque non lle gostaba o nome. Por culpa dos recortes da Xunta o mellor a autovía non hai que acabala porque non hai poboación dixo o conselleiro.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Os turistas non saben como coller o bus para Coruña ou Santiago. Solo se pode buscar en bus.gal”.





Engádesse a petición do voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña o seguinte punto:

6. Máis horas de galego potenciando seu uso na ensinanza e ciclos formativos adaptados ás necesidades da comarca.

Polo que o texto aprobado é o seguinte:

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Rematado o curso escolar 2022-2023 é hora de facer valoración e unha avaliación das medidas que a consellería de educación da Xunta de Galicia levou a cabo neste curso a prol do ensino público de calidade.

Recordamos que este curso comezou complexo para as familias coas consecuencias económicas da guerra de Ucraína. Neste aspecto a Xunta de Galicia esqueceuse das familias completamente á diferenza do goberno de España que impulsou adiante do pago das **becas** e unha **axuda complementaria** de 400€ coa intención de reducir o impacto económico derivado da invasión de Ucraína no custoso inicio de curso. **Suspense da Xunta de Galicia** en apoio extraordinario en momento de dificultade derivados da guerra de Ucraína.

A política actual do Partido Popular limitouse a **axudas mínimas** ás rendas baixas e alumnado con necesidades específicas e apoio educativo (**NEAE**), axudas ridículas para material escolar que **nin cobren o custo dos libros de texto**, nin son universais. Pódese dicir que **a Xunta de Galicia tivo abandonada ás familias máis necesitadas** durante este curso a pesar dos fondos recibidos do goberno do Estado para estes fins. **Suspense da Xunta de Galicia** en políticas de axudas e becas.

Neste curso tamén se puxo en marcha a reforma do sistema educativo propiciado pola **Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, pola que se modifica a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación** (en adiante **LOMLOE**), que é **clave para a modernización da educación deste país**. A Xunta de Galicia opúxose a esta nova lei educativa caracterizándose como unha comunidade autónoma que non quer modernizarse e poñendo trabas en todo momento dificultando a súa posta en marcha a toda comunidade educativa. Nesta materia tamén temos que dicir que **a Xunta de Galicia suspende** claramente xa que foi a única entidade que obstaculizou a súa implementación ante a aceptación de toda comunidade educativa (sindicatos, profesorado, Anpas) que non quere cambio legislativo e o que si quere é seguir avanzando como sociedade coa LOMLOE.

O único que aproba o Partido Popular é nos recortes educativos, iso dáselle ben a este goberno, sobre todo nas zonas do rural e que este curso tamén chegaron ás grandes cidades. A Xunta de Galicia da as costas ao profesorado e o estudiantado deste país, sendo estes só números os cales manexan sempre con intereses para o seu goberno e non tanto para a calidade de vida dos cidadáns.

Os recortes aplicados no inicio do presente curso 2022-23 foron os seguintes:

- O peche e/ou agrupamento de aulas, especialmente en **zonas rurais**.
- **A perda de profesorado de apoio** ao alumnado especialmente vulnerable con necesidades específicas de apoio educativo.
- O aumento das ratios, batendo novamente Galicia o "**récorde**" das ratios máis altas do estado que nalgúns dos centros afectados superarán os 30 alumnos/as por aula.
- **A redución da oferta educativa**: imposibilidade nalgúns dos centros afectados de impartir materias optativas demandadas polo alumnado nos centros afectados.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

- O aumento do número de centros educativos e alumnado ao que atenden as e os **orientadores**.
- A **implantación de novos módulos de FP sen especialistas** e con profesorado doutras familias profesionais e mesmo a redución da oferta de módulos xa existentes por falta de profesorado.

Estes recortes efectuados no inicio do curso 2022-23 **consolidan a estratexia do goberno do Partido Popular en Galicia de redución significativa do gasto público en servizos básicos** que abondan na seu deterioro. Os continuos recortes executados na educación pública do noso país están a xerar un **incremento da desigualdade social e constitúen unha perda irreparable da igualdade de oportunidades, empeorando as condicións nas que se exerce o dereito á educación**. Os datos din que **hoxe temos unha educación peor en Galicia que hai 10 anos**, amparándose o goberno do Partido Popular en tratar de convencernos de que a causa é a crise, cando realmente foron eles e as súas políticas os causantes de tal empeoramento. Por isto temos que dicir que a **Xunta de Galicia suspende** en inversión efectiva na educación pública.

Neste curso presenciamos o **peche do centro de educación especial “Aspaber”** de Carballo no que as familias demandaron á colaboración da Xunta de Galicia para a continuidade deste centro xa que era moi positivo para a formación dos seus fillos e fillas. Ante esta situación, a consellería de educación non actuou de fronte ás familias e a única solución foi a de mandar os estudantes ás principais cidades da provincia, seguindo as súas políticas de despoboación do rural. Outra opción foi a de matricular o estudantado nun colexio ordinario da zona sen asegurar profesorado especializado nas necesidades educativas de ditos estudantes. En definitiva saen perdendo recursos como fisioterapia ou terapia ocupacional como consecuencia das políticas do partido popular de non querer negociar nin de optar por alternativas que melloren a calidade de vida dos cidadáns. Outro **suspenso para a Xunta de Galicia** en solución de problemas e en posibilitar alternativas de calidade ao alumnado con necesidades educactivas especiais.

En setembro do 2022 esiximos á Xunta de Galicia, nun exercicio de lealdade institucional e transparencia, **que fixera público o destino dos fondos extraordinarios para Educación achegados á nosa comunidade autónoma tanto polo estado como pola UE para a mellora da educación pública** (FP, dixitalización educativa, aumento da oferta de prazas públicas en educación infantil/extensión gratuidade de 0-3 anos), e tamén dos novos **fondos anunciados para a adaptación climática das infraestruturas educativas**. En ocultar datos e información si que aproban, pero en transparencia para a cidadanía en materia educativa a **Xunta de Galicia suspende**.

Na valoración final deste curso 2022-2023 a Xunta de Galicia en materia educativa **suspende**, considerando así que un goberno que non inverte na mellora educativa do seu país debería **non promocionar**. Si o goberno non promociona a sociedade tampouco, retrocedendo e quedando á cola de España e moito máis aínda da Comunidade Europea.

Polo exposto, o grupo municipal do PSdeG propón a adopción do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Camariñas insta á Xunta de Galicia a:

1. A **cumprir coas súas obrigas e responsabilidades no ámbito educativo**, dispoñendo dos medios materias e persoais e dos recursos económicos que sexan precisos para **garantir a prestación e o acceso ao servizo público esencial da educación**.
2. A **recuperar o sistema de gratuidade universal dos libros de texto**.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

3. A que **faça público o destino dos fondos extraordinarios para a educación** procedentes tanto da Unión Europea como tamén do Estado.
4. Garantir **o servizo de transporte escolar** para facilitar o acceso ao sistema de educación público ao alumnado de todas as etapas educativas, obrigatorias e non obrigatorias.
5. **Manter como mínimo o mesmo número de profesorado, que o curso 2021-2022 nas escolas galegas rurais.**
6. Máis horas de galego potenciando seu uso na ensinanza e ciclos formativos adaptados ás necesidades da comarca.

Non habendo máis intervencións sométese a votación, co seguinte desglose de votacións:

**Votos a favor: 9 (8 grupo municipal socialista e 1 grupo mixto-BNG)**

**Votos en contra: 4 (4 grupo municipal do PP)**

**Abstencións: 0**

Queda aprobada a Moción presentada polo grupo do grupo municipal do PSdeG, coa modificación recollida, por maioría dos membros presentes.

### **PARTE II: CONTROL ÓRGANOS DE GOBERNO**

**11º.- DAR CONTA DO INFORME RESUME A QUE SE REFIRE O ARTIGO 37 DO REAL DECRETO 424/2017, DO 28 DE ABRIL, QUE REGULA O RÉXIME XURÍDICO DO CONTROL INTERNO NAS ENTIDADES DO SECTOR PÚBLICO LOCAL NO CONCELLO DE CAMARIÑAS, EJERCICIO 2022.**

Dáse conta do informe da Intervención emitido en cumprimento do previsto no artigo 37 do Real Decreto 424/2017, do 28 de abril, que regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do sector público local no Concello de Camariñas, exercicio 2022.

**12º.- DAR CONTA DO REC 7/2023.**

Os concelleiros danse por enterados.

**13º.- DECRETOS DA ALCALDÍA E COMUNICACIÓN**

En cumprimento do disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta dos decretos firmados pola Alcaldía desde a última convocatoria da sesión ordinaria celebrada polo Pleno da Corporación. Os decretos dende o número 312/2023 ata o 664/2023.

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS**

### **ROGOS**

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo** formula os seguintes rogos:

- “Pido que cando organicedes actos nos invitedes como membros da Corporación. Create un grupo de whatsapp”.
- “Ole mal na zona dos colexios e pavillón”.
- “Valorade poñer un paso de peóns en Sambade”.
- “Hai queixas en Camelle polas plaquetas levantadas, pido que se reparen esas baldosas”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

- “Pido o asfaltado da rúa Pións. Na zona da pizzería hai un tramo tamén que está mal”.
- “Estamos en xullo e case todas as rúa están invadidas pola maleza”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña** formula os seguintes rogos:

- “O muro de contención da rúa Canle está en malas condicións, rogo o arranxo, que se pida ao propietario que o poña en orde”.
- “Unha solución á recollida do lixo na rúa Canle porque as persoas teñen que baixar para que o recollan”.
- “As beirarrúas de entrada a Camelle ten muro de contención que están en estado precario, lombando e abrindo. Avisar á Deputación se é del”.
- “Que se mellore a iluminación no bar Desierto de Ponte do Porto”.
- Que se poñan bandas de redución de velocidade en todos os núcleos”.
- “Na Esquipa ao lado do tanatorio hai postos uns cables tensores no que as persoas tropezan porque están anclados na beirarrúa. Esixirlle ao dono que saque o poste da beirarrúa”.
- “Esixir á Xunta a limpeza e coidados dos ríos. O rego da Chandeira en Xaviña e o de Camelle están cheos de vexetación”.
- “No río da Area deixaron o aliviadero cheo de area despois de limpar”.
- “No próximo POS engadir a renovación das beirarrúas da rúa Principal e o abastecemento e saneamento. A Deputación debería arranxar as beirarrúas”.
- “Colocación de varanda da Portela a Rociñas”.
- “Mellorar a sinalización de Mourín para ir a Reira e a de Camiño dos Faros e cortar a herba”.
- “No parque infantil de Camelle tratar con Educación que poña cuberta porque é o único espazo para xogar os nenos”.
- “Nas beirarrúas do muelle vello ao Museo de Man pedir a Portos que as arranxe porque se levantan continuamente”.
- “O calexo que vai á igrexa que se hixienice”.
- “Mellora das papeleiras e que non leve o vento os desperdicios porque se levantan as bolsas”.

### **PREGUNTAS**

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “¿Como vai quedar a dirección de Reira?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Dirección única do Faro Vilán ao Cemiterio dos Ingleses”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Vai permitirse dobre sentido desde a Portela de Reira a Ara Longa”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Pedimos algo que non fixera fochancas cando chove. Costas aproveitou os fondos europeos que obrigan a unha senda peonil. Se veñen dous millóns de inversión o que quero é que o fagan”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “O que critico é que se faga tanta inversión en madeira”.

**O concelleiro Sr. Mejuto Ríos:** “Quen decidiu a dirección do sentido único?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Costas.”

**O concelleiro Sr. Mejuto Ríos:** “Mellor para o turismo sería no outro sentido”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Cando acaba?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Son oito meses de execución.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “No periódico dis que tes un prego para licitar Aldea madeira. Cando o vas sacar?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Está feito pero hai que aclarar quen é a propiedade.”

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Se é demanial ou non”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Estamos nesa fase.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “As limpezas e rozar na campaña electoral. Canto custaron?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Solo limparon San Xurxo e Santa Mariña. Non sei contestar canto. As eleccións coinciden coas festas do Espírito Santo, Mostra e San Xurxo e recorreremos a Mario de Brañas Verdes que se dedica a eso.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Por que non se publica na web as actas do Pleno?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Contesto no próximo Pleno. Teño que preguntar a secretaria.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “No proceso de instalación da depuradora de Xaviña houbo algunha reunión con asociación de veciños?”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Os únicos dous sitios viables eran o que se comprou e o campo da asociación de veciños porque eran os puntos máis baixos”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “A depuradora foi autorizada por todos os organismos.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Publicáronse os datos dos periodos medios de pago. Como estamos?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Baixamos este trimestre a trinta e un días.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “O 30 de xuño terminou o prazo para presentarse a limpeza. Cantas empresas se presentaron? Do noso concello?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Presentáronse catro. Do noso concello solo Alfonso”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Hai preocupación polos badéns de Pista a Mourín porque hai queixas”.

**A concelleira Sra. Liñeiro Pouso:** “Solo unha persoa protestou por eles. Queren máis”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “A min protestáronme por eles, polos vellos, o cacho novo está ben. Preguntáronme veciños pola Fonte do Caño de Camelle. Hai un plan de recuperación?”.

**A concelleira Sra. Tajés Méndez:** “Ninguén sabe de onde sae, estase mirando e localizando porque hai moita maleza.”



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “O tema do SAF por que non foi a Pleno?.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Foi a Xunta de Goberno Local. Tivemos reunión coa empresa e quere reducir horarios e subir o 3%. Imos licitalo tan pronto podamos.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Co valado de madeira en Irmáns Fernández un coche ten que manobrar porque está moi cerca”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Foi pola liña de servidume de Costas.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Quen xestiona o facebook do Concello de Camariñas?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ártabra Comunicación.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Da vertedura no paseo marítimo de fai uns días investigastes algo?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Chamei o sarxento e o Policía e non se vío nada. Foi unha vertedura incontrolada. O sarxento dixo que daba parte a Seprona.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Hai algunha xestión para solucionar esas verteduras?”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Eses son actos incívicos. A rede de pluviais se vertes algo nela vai contaminar porque vai directa ao mar”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “A luz no Ariño cando tedes pensado instalala?”.

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Non pensamos facelo, custaría demasiado”.

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Estades tomando medidas para controlar o estacionamento en Camariñas porque aparcan en todas as beirarrúas”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Estamos niso.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Cando é a desinfección de ratas no concello porque aparecen moitas?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nogal ven unha vez ao mes. Mándame as dirección concreta e comunícollo.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Os cartos que devolveu Pichurri a que se adicaron?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “A Deputación fixo un ingreso extra e penso que é eso.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “E o diñeiro das eólicas a que se adicou?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Son 25.000 € e hai que facer unha modificación.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “No orzamento para o 2024 vas permitir que participemos nós?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Xa tedes a comisión.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “O punto de autocaravanas por que se retirou?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Porque a comunidade de Montes de Xaviña non estaba de acordo.”



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Un día despois dunha petición no face vin que foran limpar a Rúa Fonte da Ponte”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Por ven a festa do caldo de Riola. Sei as necesidades pero o persoal é o que hai.”

**A voceira do grupo do PP, Sra. Paula Mouzo:** “Tedes prevista algunha actuación de rehabilitación na fonte do Rendeiro?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Irá primeiro na Milleira o lavadoiro, despois Xaviña e logo esa.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “No concurso da praza de capataz quen se encargou das preguntas da fase teórica?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O tribunal. Eran tres ADL e Manolito.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Quen se encargou da custodia do exame?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non sei.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Por que non estaban precintadas?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Como o sabes?”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Díxome alguén que estaba.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non teño idea. Tiña entendido que se abriron alí os sobres.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “As probas eran as máis axeitadas para un capataz?”.

**O Sr. Concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “Acórdaste de Manolo de Brañas Verdes? Pois acórdate de todo o que facía.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Algún dos partícipes pediu que se lle facilitara en galego?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nin idea.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O 22 de xuño pediu información a Intervención e aínda non contestaron.”

**A interventora, Sra. García Maneiro:** “A RPT está na páxina web. Sobre a relación de pagos, nóminas e pagos extraordinarios queredes de cada persoa?”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Si.”

**A interventora, Sra. García Maneiro:** “Non hai problema.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Que sabedes dun vehículo na Praza do Anxo?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Están os policía con eso.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Despois das festas no ámbito de Portos quen limpa?”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “O concello.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O parque biosaudable de Area da Vila cando se vai arranxar?”.



# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non sei.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “A nave de Xaviña como se licitou?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nunca se licitou. Valoramos facer unha nave por exemplo en Camelle pero queda a desmán, mellor na Ponte ou Xaviña.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O adoquinado da rúa Nova de lado da casa do Ruchelo quedou estropeado, cando vai arranxarse”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Anoto como rogo porque non sei cando”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “No mandato anterior fixemos moción de arranxo da estrada Ponte a Camelle. Sacouse licitación de parte”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Teño prevista unha reunión con Deputación. Presenta moción no próximo Pleno”.

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “A depuradora de Camariñas por que se atasca?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Está xestionada pola Xunta e a empresa é da Xunta. Estamos mirando de buscar solución. Compramos unha bomba nova que parece que vai solucionar o problema.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “As verteduras do Cansorro, diante do Playa e o Percebe, pode ser que a rede non estea separada debidamente. Na praia Area da Vila quen puxo cartel contradictorio sobre as augas?”

**O concelleiro Sr. Caamaño Fernández:** “O cartel é do ano pasado e en algún sitio non se retirou. Este ano mellorou.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Ten que estar cinco anos ben para que a auga sexa excelente.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “A varanda na casa de Manola de Clemente que romperon cando se vai arranxar?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Pensaba que estaba sendo arranxada.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “O canal de desaugamento do Cemiterio de Camelle cando se arranxará? Están tirando escombros.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Din orde para que foran.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Dispón de equipos desfibriladores o concello?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Nas instalacións deportivas.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Están dispoñibles as vinte e catro horas?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Si. Quizais debería terse outro por exemplo no coche da Policía Local.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “A Policía dispón de equipos de alcoholemia e drogas?”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Non.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Por que non se aumenta a recollida de lixo en verán?”





# CONCELLO DE CAMARIÑAS

## A CORUÑA

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Porque habería que pagar máis.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Na praia de Lingunde fixeron unha senda e estacionan nela”.

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Hai que sancionar.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “Cando imos ter varredor no concello porque eu non o vexo.”

**A Sra. Alcaldesa-Presidenta:** “Temos persoal varrendo.”

**O voceiro do grupo mixto-BNG, Sr. Rodríguez Baña:** “A varanda da Rúa Canle está estropeada. Cando se arranxa?”

**A concelleira Sra. Tajés Méndez:** “Xa está.”

E non sendo outro o obxecto da sesión, a Sra. alcaldesa procede a levantala, sendo as 22:14 horas do día da data do que como secretaria accidental dou fe e certifico.

A secretaria accidental

María Dolores Rey Bértola